

Reunión do Claustro universitario 02 de decembro 2022

Emendas de CUPAS á proposta de Liñas
da Programación Plurianual 2023-2026

Eliminar o obxectivo:

- Mudar a gobernanza

Engadir os obxectivos:

- Establecer mecanismos de promoción que garantan a carreira profesional do PAS e contribúan á eficiencia da gobernanza dos servizos e adaptacións de cadros de persoal.

Implementar un plan de formación de PAS que garanta a consolidación, actualización e promoción profesional.

Motivación:

- O enunciado do obxectivo “Mudar a gobernanza” é tan xenérico e ambiguo que fai imposible dotalo dun significado e, pola mesma razón, saber o que pode implicar a súa aprobación. Ademais, este mesmo obxectivo repítese no apartado 8.3 (páxina 36): “Renovar o modelo de gobernanza dos servizos”.
- En canto aos obxectivos que se pide engadir, a anterior Programación Plurianual (2019-2022) xa recollía obxectivos referentes á formación e promoción do PAS. Obxectivos estes que non se poden dar por acadados a día de hoxe:
 - Pódese afirmar que nestes últimos catro anos non se ten dado ningún avance nas actividades de formación profesional; mesmo se carece nun mínimo plan que oriente este tipo de accións formativas, están pendentes de iniciar fórmulas de promoción horizontal xa implantadas noutros ámbitos e cóntase con unidades pendentes de reordenación.

Eliminar os obxectivos:

- Incorporar novas figuras para colaborar nas tarefas de goberno, como delegados/as ou comisarios/as do reitor para proxectos de carácter transversal
- Aproveitar o coñecemento e a experiencia dos membros dos distintos colectivos universitarios para asesorar na toma de decisións de política universitaria

Engadir o obxectivo:

Garantir a profesionalización do PAS levando a cabo a creación, modificación ou supresión de unidades directivas a través da RPT do PAS.

Motivación:

- **Os obxectivos que se pide eliminar propician fórmulas arbitrarias** de cobertura de postos de traballo, e mesmo poden inducir a casos de favoritismo ou clientelismo totalmente contrarios aos principios que deben rexer o acceso, permanencia e promoción na función pública.
- En todo caso, en relación co primeiro deses obxectivos, ningún proxecto de carácter transversal ten que ser forzosamente incompatible con xestións e actividades propias dos cadros de persoal do PAS e calquera unidade que realice este tipo de actividades e susceptible de encadrarse na estrutura xerárquica de goberno da USC.

Eliminar os obxectivos:

- Incorporar novas figuras para colaborar nas tarefas de goberno, como delegados/as ou comisarios/as do reitor para proxectos de carácter transversal
- Aproveitar o coñecemento e a experiencia dos membros dos distintos colectivos universitarios para asesorar na toma de decisións de política universitaria

Engadir o obxectivo:

Garantir a profesionalización do PAS levando a cabo a creación, modificación ou supresión de unidades directivas a través da RPT do PAS.

Motivación:

- En relación co segundo dos obxectivos que se pide suprimir, non se aclara como se pretende incorporar “ese coñecemento e experiencia dos membros dos colectivos universitarios” na estrutura de cadros de persoal da USC e non parece comprensible que se vaian crear estruturas ou unidades alleas ao organigrama da USC.
- En contraposición aos criterios arbitrarios que introducen os obxectivos a suprimir, o obxectivo que se pide engadir persigue garantir a gobernanza dos servizos mediante criterios de profesionalidade e transparencia.
- Ademais, o seu enunciado permite asegurar o cumprimento dos Estatutos da USC que no seu artigo 91.3 establece: “A creación, modificación ou supresión das unidades directivas realizarase a través da relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos”,
- E no artigo 91.4: “Para garantir a profesionalización da xestión na Universidade de Santiago de Compostela, o desempeño das funcións directivas no ámbito da Xerencia corresponderalle, en todos os casos, ao persoal de administración e servizos”.